



# MEMORIA ANUAL DO CENTRO

# 2022-2023

# IES DE RODEIRA

CVE: DMROGZWWMJo7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

# ÍNDICE

# Índice

ÍNDICE........................................................ 2

CAPÍTULO 1........................................................ 4

DOCUMENTO I. PLAN ANUAL........................................................ 4

1. Conclusión máis relevantes........................................................ 4

2. Avaliación do funcionamento dos órganos colexiados de goberno........................................................ 6

4. Avaliación do funcionamento dos órganos unipersoais de goberno........................................................ 15

a) Valoración do equipo directivo sobre o cumprimento dos obxectivos da PXA........................................................ 15

b) Avaliación do cumprimento do proxecto de orzamento........................................................ 21

c) Avaliación do rendemento académico do alumnado........................................................ 22

e) Avaliación da convivencia no centro........................................................ 28

f) Avaliación do funcionamento xeral do centro........................................................ 28

DOCUMENTO II. HORARIO XERAL DO CENTRO........................................................ 30

DOCUMENTO III. ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS........................................................ 31

2. Transporte escolar........................................................ 31

3. Plan de coordinación das tarefas do persoal de administración e servizos........................................................ 31

CAPÍTULO II........................................................ 31

DOCUMENTO V. DOCUMENTO DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO........................................................ 31

CAPÍTULO III........................................................ 31

DOCUMENTO VII. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES........................................................ 31

ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E HORARIO DA BIBLIOTECA DO INSTITUTO........................................................ 31

DOCUMENTO VIII. PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES PARA A POTENCIACIÓN DO USO DA LINGUA GALEGA........................................................ 32

DOCUMENTO IX. PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NO CENTRO........................................................ 32

CVE: DMROGZWWMJo7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve



EUROPEA
CIAL EUROPEO
...te no teu futuro"
CPinnova
CPinclúe



DOCUMENTO X. PROGRAMA DE FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO....32
CAPÍTULO V. OUTROS PROGRAMAS E PROXECTOS....32
CURRÍCULO. DECRETO 156/2022 (Título III)....32
Plans anual de lectura (art. 36 D156/2022; art. 34 D157/2022)....32
Avaliación do Plan Dixital (art. 37 D156/2022; art. 35 D157/2022)....32
Concreción anual da Promoción de estilos de vida saudábeis (art. 38 D156/2022; art. 36 D157/2022)....32
PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (PAD), CONCRECIÓN ANUAL....32
Achégase en anexo memoria do Departamento de Orientación....32
LINGUAS ESTRANXEIRAS, CONCRECIÓN ANUAL....32
Sección bilingüe....32
CUALE....33
Certificación en linguas estranxeiras....33
Digitalweek....33
Auxiliar de conversa....33
PLANS PROXECTA+....33
CONTRATOS-PROGRAMA....33
OUTROS PROGRAMAS....33
AYUDA EN ACCIÓN....33
CLASES SEN FUME....34
FROITA ESCOLAR....34
PROA+....35
AVALIACIÓN DA P.X.A....35
ANEXOS....36
ANEXO I. PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO....36
ANEXO II. PROXECTO CURRICULAR DO INSTITUTO....40
ANEXO III. MEMORIAS DOS DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS....40
ANEXO IV. MEMORIAS DE PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA....40

CVE: DMROGZWWMJo7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

## CAPÍTULO 1

## DOCUMENTO I. PLAN ANUAL

O presente documento, seguindo as aliñas 43 e seguintes da Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento (DOG 2/09/1997), recolle as conclusións máis relevantes recollidas polo equipo directivo, seguindo a estrutura da programación xeral anual (PXA).

### 1. Conclusión máis relevantes.

As **conclusións máis relevantes**, á vista da información recollida nas memorias de departamentos, dos diferentes proxectos e nas reunións de Claustro e Consello Escolar de avaliación, curso 22-23 e que deberan ser **tidas en consideración na PXA do 23-24**, son:

1. Os docentes seguen a manter un horario con 20 horas lectivas, sendo a única autonomía, xunto con Madrid, que ten esta carga lectiva. Consideramos que isto dificulta a participación do profesorado en novos proxectos, deixa menos tempo real para coordinacións, gardas xerais no centro e, dados os novos requirimentos de documentación e carga burocrática, pouco atractivo para calquera traballo extraordinario. A carga lectiva debería reducirse en 2 ou 3 horas lectivas e poder dispor de máis tempo no centro.

2. As persoas titoras docentes da ESO, fundamentalmente, e do Bacharelato non contan con ningunha redución lectiva, aspecto a todas luces insuficiente para a responsabilidade e o bo facer que supón ser titor ou titora dun grupo de alumnado na ESO. Particularmente coa crecente situación problemática de saúde mental do noso alumnado, con cada vez máis cadros de ansiedade, depresión, autolisis e risco suicida, xunto a outros como o uso inadecuado de redes sociais, incremento das adiccións ou problemáticas relacionadas co acoso e ciberacoso, e circunstancias como TDA, TEA, TDAH, dislexias... Non se pode entender que desde a administración se conceda unha redución de 3 horas lectivas aos titores de ciclos formativos, a responsábel da aula de emprendemento ou aos membros do Consello Escolar (2h) e non haxa ningunha para as persoas titoras da ESO, punta fundamental de calquera plan de convivencia. Os informes PISA inciden en que o liderado da dirección educativa é fundamental, e iso require que se acompañe de autonomía real para tomar decisións de organización de centro como, p.ex., decidir outras asignacións de reducións lectivas a maiores das establecidas na normativa.

3. Aínda contando con dúas persoas orientadoras, seguimos estando moi por debaixo da ratio establecida como adecuada pola OMS entre orientadores e alumnado (1 por cada 250), o que suporía que nun centro con 878 alumnos e alumnas, deberiamos contar cun mínimo de 3 orientadoras. Inicialmente a organización da xefatura e da segunda persoa orientadora estaba realizada por niveis educativos, mais a partir da substitución por xubilación da xefatura, reorganizouse internamente para levar adiante as funcións por tipoloxía,



CVE: DMROGZWWMJo7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve
EUROPEA
CIAL EUROPEO
ste no teu futuro"
CPinnova
CPinclúe





independentemente do nivel educativo. Foi unha mellora substancial que debe continuar. Isto é trasladábel ao reparto nas xefaturas de estudos, onde a de secundaria e a de adultos deberían ser máis transversais, aspecto que iniciamos e continuará no curso 23-24.

4. A convivencia no centro supuxo a punta de lanza fundamental na nosa acción colectiva e, globalmente, consideramos que houbo unha mellora notable na convivencia xeral do centro. As enquisas realizadas entre a comunidade educativa así o manifestaron. Houbo un cambio de xestión organizativa, rexistrando no XADE calquera tipo de falta de conduta. Isto foi visto como algo positivo por toda a comunidade e permitiunos unha mellor análise da evolución da convivencia.

5. Hai un exceso de carga administrativa e documental para o equipo directivo que impide a adicación do tempo a labores fundamentais de liderado, orientación, guía e análise de futuro, imprescindíbeis para unha mellora continua na labor docente.

6. Os cambios lexislativos, administrativos ou pedagóxicos son unha situación habitual no ensino, mais consideramos que a administración educativa debe medir e sopesar ben calquera cuestión relacionada con isto, como, p.ex., o feito de cambiar o calendario escolar en xaneiro de 2023, obrigando a refacer as programacións, organización docente e de actividades. Ou tamén o cambio da oferta de ensino presencial nos ciclos de adultos a un ensino a distancia sen consultar ou considerar a opinión do centro educativo.

7. O calendario escolar do alumnado segue a ser moi desigual a respecto do que acontece na maioría dos países europeos. A nosa ubicación xeográfica e climática non impide que as clases poidan prolongarse máis alá do 22 de xuño ou mesmo comezar antes do 11 de setembro e, pola contra, é moi beneficioso para alumnado e profesorado contar con máis descansos durante o curso escolar. Ademais do anacrónico que supón condicionar o paso da segunda á terceira avaliación por un calendario relixioso como o da Semana Santa.

8. A estatística dos últimos 15 anos é clara: unha ratio de alumnado arredor dos 20 alumnos é moi beneficiosa para a convivencia, a cohesión grupal e o éxito do alumnado. Por esta razón, seguiremos apostando por medidas organizativas que permitan aplicar as medidas de atención á diversidade ordinarias máis apropiadas, baixo os principios de heteroxeineidade, integración e non exclusión, establecendo os grupos por nivel na ESO procurando achegarnos aos 20 alumnos por cada un.

9. A cohesión grupal é fundamental e iso require a instauración dunha sesión mensual de dinámicas grupais nas titorías da ESO que permitan mellorar a convivencia entre o grupo-clase. Ademais, espazos de integración como o clube manga, o clube de música, as competicións deportivas ou calquera outras son fundamentais para aquel alumnado que se sinte só e necesita algún lugar "refuxio" no que verse acollido.

10. Os informes de primaria e dos propios departamentos detectan unha urxente necesidade de mellora na competencia lingüística do alumnado. Esa dificultade reverte en problemática noutras materias onde se observan problemas de comunicación e

CVE: DMROGZWWMJo7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve



EUROPEA
CIAL EUROPEO
ste no teu futuro"
CPinnova
CPinclúe

comprensión. Aumentar os esforzos nesta área, e de forma transversal, será prioritaria no curso 23-24.

11. O profesorado considera fundamental dispor de <u>espazos de comunicación, intercambio de opinións e colaboracións</u>. Lograr unha cooperación transversal entre docentes levará a melloras pedagóxicas que axudarán ao noso alumnado. A formación e profundizar nas liñas PFPP neste sentido é básico para a mellora do centro.

## 2. Avaliación do funcionamento dos órganos colexiados de goberno.

O funcionamento dos órganos colexiados de goberno foi moi positivo desde o punto de vista da dirección e dos seus membros. Todas as convocatorias foron enviadas en tempo e forma, coa documentación precisa, así como informes de dirección previamente comunicados. As actas eran remitidas electronicamente para a súa lectura previa e posterior aprobación no inicio da sesión.

Todas as reunións foron recollidas no XADE para a súa xestión administrativa, asinadas as convocatorias electronicamente e comunicadas por correo corporativo. Na primeira sesión de cada órgano proporcionouse un calendario previsto das xuntanzas ordinarias e unha previsión da orde do día das mesmas. Isto permitiu que os seus membros puideran xestionar e colaborar na toma de decisións con antecedencia.

### a) Consello Escolar

No presente curso escolar renovàronse os membros do consello escolar, ao teren lugar eleccións ao mesmo no mes de novembro 2022, resultando, desde o 12 de decembro do 2022 os seguintes membros:

| Equipo directivo | Representantes das Familias |
|---|---|
| Sérgio Alexandre Nunes Garcia | Francisco José Ferrer Vidal |
| José Manuel González Calvar | Manuel Pascual Rodríguez Marcos |
| Sonia María Nóvoa Martínez | María Efigenia Fernández Gil |
| Eloy Gestido de la Torre | **Representantes do Alumnado** |
| **Representantes do Profesorado** | Evaristo Fandiño Fernández |
| Violeta Novas Rodríguez | Raquel Granha Cancelas |
| María del Carmen Jamardo Iglesias | Gael Santos Abalde |
| Darío Lata Blanco | Iván Herbello González |
| Carlos Rúa Gayo | **Representante P.A.S.** |
| Teresa Rodríguez Rodríguez | Maximino Rouco Costas |
| Isabel Rodríguez Rubio | **Representante do Concello** |
| Manuel Sánchez Fernández | Mariano Abalo Costa |

CVE: DMROGZWWMJo7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve



EUROPEA
CIAL EUROPEO
ste no teu futuro"
CPinnova
CPinclúe



As comisións do Consello Escolar renováronse coa seguinte composición:

| Comisión de Convivencia | |
|---|---|
| Sérgio Alexandre Nunes Garcia | Presidente do Consello Escolar |
| Jose Manuel González Calvar | Representante Profesorado |
| Belén María Puime Montero | Profesora do IES de Rodeira |
| María Fernández Gil | Representante Nais e Pais |
| Evaristo Fandiño Fernández | Representante Alumnado |
| **Comisión de Igualdade** | |
| Sérgio Alexandre Nunes García | Presidente do Consello Escolar |
| Violeta Novas Rodríguez | Representante Profesorado |
| Manuel Sánchez Fernández | Representante Profesorado |
| Manuel Pascual Rodríguez Marcos | Representante Nais e Pais |
| Raquel Granha Cancelas | Representante Alumnado |
| **Comisión Económica** | |
| Sérgio Alexandre Nunes García | Presidente do Consello Escolar |
| Eloi Gestido de la Torre | Representante Profesorado |
| Teresa Rodríguez Rodríguez | Representante Profesorado |
| Francisco José Ferrer Vidal | Representante Nais e Pais |
| Gael Santos Abalde | Representante Alumnado |
| **Comisión Biblioteca** | |
| Sérgio Alexandre Nunes Garcia | Presidente do Consello Escolar |
| Olaya Antepazo Brun | Resp. Biblioteca (secretaria da comisión) |
| María del Carmen Jamardo Iglesias | Representante Profesorado |
| Manuel Pascual Rodríguez Marcos | Representante Nais e Pais |
| Iván Herbello González | Representante Alumnado |

No Consello Escolar do 30/06, ao abeiro da acreditación Erasmus+ para o sector escolar (2021-2027) e máis a aprobación dos novos proxectos (adultos, FP e educación superior), aprobouse a constitución dunha comisión Erasmus+ como órgano de deliberación e avaliación das propostas, proxectos e candidaturas ás bolsas de mobilidade que poidan surxir nese período. Seguindo a composición e estrutura das anteriores quedou formada do seguinte xeito:

| Comisión Erasmus+ | |
|---|---|
| Sérgio Alexandre Nunes Garcia | Presidente do Consello Escolar |
| Francisco José Padín Nogueira | Coordinador Erasmus+ secundaria |
| María Sonia Cibeira Nogueira | Coordinadora Erasmus+ FP e superior |
| Francisco José Ferrer Vidal | Representante Nais e Pais |
| Iván Herbello González | Representante Alumnado |

CVE: DMROGZWWMJo7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Durante o presente curso o consello escolar reuniuse en 9 ocasións. A continuación relacionamos as datas, horas, carácter e a orde do día:

| Data e hora | Carácter | Orde do día |
|---|---|---|
| 06/09/22 17h00 | Ordinario | 1.- Lectura e aprobación das actas anteriores<br>2.- Renovación do Consello Escolar e previsión de<br>3.- Aprobación da proposta do Claustro para día non lectivo 22-23.<br>4.- Proposta e aprobación do capítulo I da Programación Xeral Anual 22-23.<br>5.- Actualización das comisións de convivencia, igualdade e económica.<br>6.- Estado das obras no centro e espazos dispoñíbeis.<br>7.- Aprobación dos proxectos de centro:<br>7.1.- Digitalweek<br>7.2.- Erasmus+<br>7.3.- Galimiens<br>7.4.- Eduexchanges<br>7.5.- Proxecta+<br>7.6.- Biblioteca, PLAMBE e clubes de lectura<br>7.7.- PROA+<br>7.8.- Contratos-programa<br>8.- Información das accións financiadas polo FSE.<br>9.- Rogos e preguntas |
| 25/10/2022 18h00 | Extraordinario | 1.- Constitución para o 2022-2023 das comisións de igualdade e de convivencia no Consello Escolar |
| 25/10/2022 18h00 | Extraordinario | 1.- Revisión da corrección imposta no expediente disciplinario 1/2022-2023 a instancias da familia |
| 15/11/2022 18h00 | Extraordinario | 1.- Aprobación da Programación Xeral Anual 2022-2023 |
| 12/12/2022 19h00 | Ordinario | 1.- Lectura e aprobación, se proceder, das actas anteriores<br>2.- Constitución do Consello Escolar<br>3.- Constitución das comisións económica, de convivencia, de igualdade e da biblioteca<br>4.- Proposta de ratificación da gradación de sancións<br>5.- Aprobación da proposta de comunicacións telemáticas preferentes<br>6.- Rogos e preguntas |
| 28/02/2023 19h00 | Ordinario | 1.- Lectura e aprobación, se proceder, das actas anteriores<br>2.- Informes de dirección: matrícula, estado de obras, actividades complementarias<br>3.- Criterio complementario de admisión alumnado<br>4.- Plan de desenvolvemento europeo<br>5.- Aprobación da asignación de hora de libre disposición en 1º e 2º ESO.<br>6.- Aprobación da oferta educativa para Bacharelato.<br>7.- Rogos e preguntas |
| 26/04/2023 13h00 | Extraordinario | 1.- Aprobación dos orzamentos 2023 |
| 30/05/2023 10h10 | Extraordinario | 1.- Aprobación oferta académica 23/24<br>2.- Plan de mellora de bibliotecas escolares curso 2023/2024<br>3.- Sección bilingue proxecto competencial portugués |
| 30/06/2023 10h30 | Ordinario | 1.- Lectura e aprobación, se proceder, das actas anteriores<br>2.- Valoración do curso 2022-2023<br>3.- Avaliación dos proxectos de centro |

CVE: DMROGZWWMJo7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve



EUROPEA
CIAL EUROPEO
ste no teu futuro"
CPinnova
CPinclúe



galicia

4.- Modificación NOFC faltas de asistencia
5.- Modificación horario xeral do centro
6.- Perspectivas curso 2023-2024
7.- Constitución da Comisión Erasmus+
8.- Rogos e preguntas

## b) Claustro

O claustro de profesorado do IES de Rodeira contou cun cadro de **88 docentes** durante o curso 2022-2023, 83 dentro do cupo de profesorado e 5 fóra do cupo (o docente de relixión católica, 2 mestras PT con destino definitivo e 2 mestres de primario provisionais), tal e como se indica a continuación:

| Especialidade | Apelidos e Nome | Destino | Relación xurídica |
|---|---|---|---|
| 511004 - Lingua castelá e literatura | Castro Otero, Salvador | D | Funcionario/a de carreira |
| 511006 - Matemáticas | Novas Castro, Enrique | D | Funcionario/a de carreira |
| | Vázquez Cadahía, María del Pilar | D | Funcionario/a de carreira |
| 511008 - Bioloxía e xeoloxía | Puime Montero, Begoña María | D | Funcionario/a de carreira |
| 511009 - Debuxo | Segura Alcázar, María Antonia | D | Funcionario/a de carreira |
| 511053 - Lingua e literatura galega | Martínez Fernández, María Xosefa | D | Funcionario/a de carreira |
| 511124 - Sistemas electrónicos | Fernández Viñal, David | D | Funcionario/a de carreira |
| 590001 - Filosofía | Regueira García, Ana Ruth | D | Funcionario/a de carreira |
| | Darriba Alves, Laura | D | Funcionario/a de carreira |
| 590003 - Latín | Jamardo Iglesias, María del Carmen | D | Funcionario/a de carreira |
| 590004 - Lingua castelá e literatura | Rúa Gayo, Carlos | D | Funcionario/a de carreira |
| | Collazo Durán, Laura | D | Funcionario/a de carreira |
| | Antepazo Brun, Olaya | D | Funcionario/a de carreira |
| | Navaza Blanco, María José | D | Funcionario/a de carreira |
| 590005 - Xeografía e historia | Pardo Rodríguez, Alejandro | P | Funcionario/a en prácticas |
| | Padín Nogueira, Francisco José | D | Funcionario/a de carreira |
| | Estévez Estévez, Rita | D | Funcionario/a de carreira |
| | Domínguez Cabaleiro, José Mario | D | Funcionario/a de carreira |
| | Rodríguez Rodríguez, María Teresa | D | Funcionario/a de carreira |
| | González Nores, Dolores Carmen | P | Funcionario/a en prácticas |
| 590006 - Matemáticas | Rodríguez Rubio, María Isabel | D | Funcionario/a de carreira |
| | Regueira Gómez, Beatriz | D | Funcionario/a de carreira |
| | González Calvar, José Manuel | D | Funcionario/a de carreira |
| | Míguez Novoa, María Jesús | D | Funcionario/a de carreira |
| | Vázquez Domínguez, Ricardo | P | Funcionario/a en prácticas |
| | Sarrapio Lamas, Yaiza | P | Funcionario/a en prácticas |
| | Vázquez Expósito, Iria | P | Funcionario/a de carreira |
| 590007 - Física e química | Broullón Durán, Daniel | P | Funcionario/a de carreira |
| | Lata Blanco, Darío | D | Funcionario/a de carreira |
| | Alonso Dapresa, María Jesús | D | Funcionario/a de carreira |
| | Villar Iglesias, Beatriz | D | Funcionario/a de carreira |
| 590008 - Bioloxía e xeoloxía | Caramés Millán, Gemma de Jesús | D | Funcionario/a de carreira |
| | Puime Montero, Belén María | D | Funcionario/a de carreira |
| | Santa María Otero, María Inés | D | Funcionario/a de carreira |
| 590009 - Debuxo | Brañas Pérez, Roberto | P | Funcionario/a de carreira |

CVE: DMROGZWWMJo7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve



EUROPEA
CIAL EUROPEO
ste no teu futuro"
CPinnova
CPinclúe

| | | | |
|---|---|---|---|
| 590010 - Francés | Alvarellos Pérez, Ana | P | Funcionario/a en prácticas |
| | Argiz Pérez, Ana María | D | Funcionario/a de carreira |
| 590011 - Inglés | Franco Martínez, Beatriz | P | Funcionario/a en prácticas |
| | García Castiñeira, Susana Patricia | D | Funcionario/a de carreira |
| | Galerón Gómez, Sonia | D | Funcionario/a de carreira |
| | García Díaz, María Nieves | D | Funcionario/a de carreira |
| | Cao Dóriga, Laura | P | Funcionario/a en prácticas |
| 590016 - Música | Cueto Álvarez, Cecilia | D | Funcionario/a de carreira |
| 590017 - Educación física | Refojos Leal, Miguel | P | Funcionario/a de carreira |
| | Quinteiro López, Fernando Santiago | D | Funcionario/a de carreira |
| | Caíño Juncal, Cristina | D | Funcionario/a de carreira |
| 590018 - Orientación educativa | Rodríguez Silva, María Belén | P | Persoal interino |
| | Cortiñas Pérez, Mirian | P | Persoal interino |
| 590019 - Tecnoloxía | Fandiño Pousada, Óscar | P | Funcionario/a en prácticas |
| | Barreiro Graña, María Teresa | D | Funcionario/a de carreira |
| | Novas Rodríguez, Violeta | D | Funcionario/a de carreira |
| 590053 - Lingua e literatura galega | Vázquez Arranz, Adrián | P | Funcionario/a en prácticas |
| | Gestido de la Torre, Eloy | D | Funcionario/a de carreira |
| | Jiménez González, María Xosé | D | Funcionario/a de carreira |
| | Poses Sobral, Alba Rosa | D | Funcionario/a de carreira |
| | Fernández Sampedro, José Francisco | P | Persoal interino |
| 590061 - Economía | Alba Sánchez, María Concepción | P | Funcionario/a de carreira |
| | Nunes García, Sérgio Alexandre | D | Funcionario/a de carreira |
| | Fernández Rodriguez Crespi, Luis Jesús | P | Persoal interino |
| 590101 - Administración de empresas | Conde Lorenzo, Alexandra María | P | Funcionario/a de carreira |
| | Pérez Marín, Óscar | D | Funcionario/a de carreira |
| | Castro Castiñeira, María | P | Persoal interino |
| 590105 - Formación e orientación laboral | Expósito Rodríguez, Maria del Mar | D | Funcionario/a de carreira |
| 590107 - Informática | Canal Gómez, Luis Antonio | P | Persoal interino |
| | García Cancio, David | D | Funcionario/a de carreira |
| | Novoa Martínez, Sonia María | D | Funcionario/a de carreira |
| | Sánchez Fernández, Manuel | D | Funcionario/a de carreira |
| | Taboada Aguado, Francisco Javier | D | Funcionario/a de carreira |
| | Sanlés Fernández, José Ramón | P | Persoal interino |
| | Posada González, María Isabel | P | Persoal interino |
| 590124 - Sistemas electrónicos | Veiga Campo, María Carmen | D | Funcionario/a de carreira |
| | Jorge Mora, Francisco Javier | D | Funcionario/a de carreira |
| 591202 - Equipos electrónicos | Pazos Laucirica, Jaime | D | Funcionario/a de carreira |
| | Costa Trigo, Pablo | D | Funcionario/a de carreira |
| 591222 - Procesos de xestión administrativa | Oubel Campos, María del Carmen | P | Persoal interino |
| | Cibeira Nogueira, María Sonia | D | Funcionario/a de carreira |
| | Vilas Barreiro, María José | D | Funcionario/a de carreira |
| | Varela Coello, Margarita | D | Funcionario/a de carreira |
| | Cano Santiago, Lucila | P | Persoal interino |
| 591227 - Sistemas e aplicacións informáticas | Smyth Chamosa, José Luis | D | Funcionario/a de carreira |
| | Rojas Alonso, José Luis | D | Funcionario/a de carreira |
| 597023 - Matemáticas | del Río Lamela, Cristina | D | Funcionario/a de carreira |
| 597028 - Música: 1º ciclo da ESO | Chapela Piñeiro, Águeda | D | Funcionario/a de carreira |
| 597038 - Educación Primaria | Iglesias Vilariño, Carlos | P | Funcionario/a de carreira |

CVE: DMROGZWWMJo7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve



EUROPEA
CIAL EUROPEO
ste no teu futuro"
CPinnova
CPinclúe

| | | | |
|---|---|---|---|
| | Macía Couto, Lorena | P | Funcionario/a en prácticas |
| 597060 - Educación especial: Pedagoxía Terapéutica | Ávila Gómez, María Isabel | D | Funcionario/a de carreira |
| | Gil Casal, María Angélica | D | Funcionario/a de carreira |
| 702400 - Relixión católica | Lorenzo Bello, Emilio | D | Persoal laboral indefinido |

Durante o presente curso o claustro reuniuse en 9 ocasións. A continuación relacionamos as datas, horas, carácter e a orde do día:

| Data e hora | Carácter | Orde do día |
|---|---|---|
| 05/09/22 12h00 | Ordinario | 1. Lectura e aprobación, se proceder, da acta anterior.<br>2. Instrucións de centro para o curso 22-23.<br>3. Ratificación dos criterios pedagóxicos para a elaboración dos horarios do alumnado.<br>4. Calendario xeral do curso. Proposta de día non lectivo.<br>5. Organización da convivencia. Protocolo de gardas. Rutinas de hixiene e prevención.<br>6. Información e aprobación dos proxectos de centro.<br>6.1. PFPP: educación inclusiva e coeducativa, plan dixital do centro, internacionalización do centro educativo<br>6.2. Erasmus+, intercambios escolares e sección bilingüe<br>6.3. Normalización da lingua galega<br>6.4. Biblioteca, PLAMBE e clubes de lectura 6.5. Proxecta+<br>6.6. PROA+ e Contratos-programa<br>7. Cronograma de dirección. Obxectivos da P.X.A. 22-23.<br>8. Información das accións financiadas polo FSE.<br>9. Rogos e preguntas. |
| 16/11/2022 15h10 | Extraordinario | 1.- Información sobre o proceso de renovación do Consello Escolar |
| 29/11/2022 14h45 | Extraordinario | 1.- Aprobación da concreción curricular LOMLOE<br>2.- Ratificación da proposta de gradación de faltas de condutas |
| 29/11/2022 15h45 | Extraordinario | 1.- Elección de representantes do profesorado ao Consello Escolar |
| 22/12/2022 14h45 | Ordinario | 1.- Lectura e aprobación, se proceder, das actas anteriores<br>2.- Informe de dirección 1T 2022-2023<br>3.- Análise de resultados académicos 1ª avaliación<br>4.- Informe de convivencia 1ª avaliación<br>5.- Estado xeral de contas, obras e mantementos<br>6.- Situación e previsión de proxectos e actividades<br>7.- Rogos e preguntas |
| 28/02/2023 14h45 | Ordinario | 1.- Lectura e aprobación, se proceder, das actas anteriores<br>2.- Informes de dirección: matrícula, estado de obras, económico, actividades complementarias<br>3.- Simulacro de evacuación<br>4.- Plan de desenvolvemento europeo<br>5.- Criterios sobre a asignación da matrícula de honra<br>6.- Asignación de hora de libre disposición en 1º e 2º ESO.<br>7.- Oferta educativa para o Bacharelato<br>8.- Rogos e preguntas |
| 25/05/2023 14h45 | Ordinario | 1.- Lectura e aprobación, se proceder, da acta anterior |

CVE: DMROGZWWMJo7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve



EUROPEA
CIAL EUROPEO
...ste no teu futuro"
CPinnova
CPinclúe

| | | |
|---|---|---|
| | | 2.- Informes de dirección<br>3.- Protocolos risco suicida e acoso escolar<br>4.- Previsións curso 23-24 e medidas de atención á diversidade<br>5.- Criterios de promoción e titulación<br>6.- Sección bilingüe proxecto competencial<br>7.- Rogos e preguntas |
| 25/05/2023 16h00 | Extraordinario | 1.- Plan de mellora de bibliotecas escolares 2023/2024 |
| 29/06/2023 10h30 | Ordinario | 1.- Lectura e aprobación, se proceder, das actas anteriores<br>2.- Informes de dirección<br>3.- Modificación NOFC faltas de asistencia<br>4.- Modificación horario xeral do centro<br>5.- Avaliación final de curso (convivencia, PXA, proxecto dirección)<br>6.- Programas educativos<br>7.- Proxecto competencial na biblioteca<br>8.- Perspectivas curso 2023-2024<br>9.- Rogos e preguntas |

## c) Comisión de coordinación pedagóxica

A comisión de coordinación pedagóxica do IES de Rodeira estivo formada polos seguintes membros durante o curso 2022-2023:

| Docente | En calidade de |
|---|---|
| Equipo directivo | |
| Sérgio Alexandre Nunes Garcia | Director |
| José Manuel González Calvar | Xefatura de estudos secundaria |
| Sonia María Nóvoa Martínez | Xefatura de estudos adultos e FP |
| Xefaturas de departamento | |
| María Concepción Alba Sánchez | Economía |
| Ana María Argiz Pérez | Francés |
| Alexandre Bermúdez Iglesias | Orientación |
| Cristiña Caíño Juncal | Educación Física |
| Salvador Castro Otero | Lingua castelá |
| Cecilia Cueto Álvarez | Música |
| José Mario Domínguez Cabaleiro | Xeografía e historia |
| Susana Patricia García Castiñeira | Inglés |
| María del Carmen Jamardo Iglesias | Latín |
| Darío Lata Blanco | Física e Química |
| Emilio Lorenzo Bello | Relixión Católica |
| María Xosefa Martínez Fernández | Lingua galega |
| Violeta Novas Rodríguez | Tecnoloxía |
| Jaime Pazos Laucirica | Electrónica |
| Óscar Pérez Marín | Administración e Finanzas |

CVE: DMROGZWWMJo7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve



EUROPEA
CIAL EUROPEO
ste no teu futuro"
CPinnova
CPinclúe



| | |
|---|---|
| Begoña Maíra Puime Montero | Bioloxía e Xeoloxía |
| Ana Ruth Regueira García | Filosofía |
| Beatriz Regueira Gómez | Matemáticas |
| María del Mar Expósito Rodríguez | Formación e Orientación Laboral |
| José Luis Rojas Alonso | Informática |
| María Antonia Segura Alcázar | Debuxo |
| Outras coordinacións e funcións | |
| María Isabel Ávila Gómez | Mestra de Pedagoxía Terapéutica |
| Olaya Antepazo Brun | Coordinadora da biblioteca |
| María Angélica Gil Casal | Mestra de Pedagoxía Terapéutica |
| Manuel Sánchez Fernández | Coordinador FCT[1] |
| Adrián Vázquez Arranz | Coordinador EDLG |

Durante o curso 2022-2023 acordouse na primeira CCP realizar unha xuntanza mensual no terceiro martes ou xoves alterno de cada mes, agás nos de decembro, marzo e xuño por coincidir con finais de avaliacións. Ademais, realizáronse outras reunións con carácter extraordinario, facendo un total de 8 ocasións. A continuación relacionamos as datas, horas, carácter e a orde do día:

| Data e hora | Carácter | Orde do día |
|---|---|---|
| 05/09/22 09h30 | Ordinario | 1. Lecturaeaprobación,seproceder,daactaanterior.<br>2. Elección da secretaría da CCP para o curso 22-23.<br>3. Instrucións para o curso 22-23.<br>4. Calendario e planificación das avaliacións.<br>5. Criterios de valoración para a avaliación inicial.<br>6. Organización da convivencia. Protocolo de gardas.<br>7. Proxectos de Formación Permanente do Profesorado no centro.<br>8. Proposta de profesorado para o departamento de orientación e para o equipo de normalización lingüística.<br>9. Cronogramaproxectodirección.<br>10.Rogos e preguntas. |
| 21/09/2022 11h00 | Extraordinario | 1. Información sobre o plan de reforzo de materias pendentes.<br>2. Solicitude de material dos departamentos. |
| 25/10/2022 16h00 | Ordinario | 1 Lectura e aprobación, se proceder, das actas anteriores<br>2 Calendario de sesións e exames da 1a avaliación<br>3 Previsión de actividades complementarias e extraescolares<br>4 Programas de formación permanente do profesorado no centro<br>5 Información de convivencia<br>6 Información e aprobación de proxectos de centro<br>7 Informacións sobre o Concurso Xeral de Traslados<br>8 Calendario de CCP e proposta de temas<br>9 Rogos e preguntas |
| 22/11/2022 15h45 | Ordinario | 1 Lectura e aprobación, se proceder, da acta anterior<br>2 Aprobación das modificacións nas normas de funcionamento e |

1 FCT: Formación en Centros de Traballo; ELDG: Equipo de Dinamización da Lingua Galega

CVE: DMROGZWWMJo7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve



galicia

| | | |
|---|---|---|
| | | organización do centro<br>3 Admisión de alumnado curso 23-24. Proposta de adscricións e novidades.<br>4 Calendario e criterios de realización de actividades complementarias e extraescolares<br>5 Seguemento das programacións didácticas<br>6 Concreción curricular LOMLOE<br>7 Proposta de oferta educativa para o 23-24<br>8 Rogos e preguntas |
| 26/01/2023 16h00 | Ordinario | 1 Lectura e aprobación, se proceder, da acta anterior<br>2 Concreción das propostas de oferta educativa 2023-2024<br>3 Criterios para a matrícula de honra<br>4 Criterios de titulación e promoción<br>5 Plan de desenvolvemento europeo<br>6 Criterios de xustificación de faltas<br>7 Aprobación de modificación do novo calendario 2022-2023<br>8 Rogos e preguntas |
| 23/02/2023 16h00 | Ordinario | 1 Lectura e aprobación, se proceder, da acta anterior<br>2 Aprobación da oferta educativa para Bacharelato.<br>3 Aprobación da asignación de hora de libre disposición en 1o e 2o ESO.<br>4 Informes de dirección: matrícula, económico, estado de obras.<br>5 Rogos e preguntas |
| 25/04/2023 16h00 | Ordinario | 1 Lectura e aprobación, se proceder, da acta anterior<br>2 Informes de dirección<br>3 Proposta de modificación das NOFC (faltas de asistencia)<br>4 Probas ESO e acreditación Bacharelato<br>5 Criterios de titulación 4o ESO<br>6 Oferta académica 4o ESO 23-24<br>7 Rogos e preguntas |
| 23/05/2023 16h00 | Ordinario | 1 Lectura e aprobación, se proceder, da acta anterior<br>2 Informes de dirección<br>3 Modificación das NOFC (faltas de asistencia)<br>4 Libros de texto 2023-2024<br>5 Criterios de promoción e titulación<br>6 Seguemento das programacións e memorias finais<br>7 Rogos e preguntas |

CVE: DMROGZWWMJo7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

EUROPEA
CIAL EUROPEO
ste no teu futuro"
CPinnova
CPinclúe



## 4. Avaliación do funcionamento dos órganos unipersoais de goberno

Neste ano académico 2022-2023 renovouse o equipo directivo que pasou a estar formado polos seguintes membros:

| Cargo | Nome |
|---|---|
| Director | Sérgio Alexandre Nunes Garcia |
| Vicedirectora | María Jesús Míguez Nóvoa |
| Xefatura de estudos de secundaria | José Manuel González Calvar |
| Xefatura de estudos de adultos e FP | Sonia María Nóvoa Martínez |
| Secretario | Eloi Gestido de la Torre |

As reunións do equipo directivo celebráronse de forma habitual os venres de 10:30 a 12:10. Se ben, non sendo suficiente, houbo que realizar xuntanzas noutros horarios, preferentemente de tarde, dada a habitual carga de traballo. Houbo momentos de complexidade, coincidentes coas baixas temporais dalgún membro, dado que a administración non permite substituír a outros docentes para realizar as súas funcións de forma temporal o que impide unha adecuada xestión das súas funcións durante o tempo da incapacidade.

### a) Valoración do equipo directivo sobre o cumprimento dos obxectivos da PXA.

Os obxectivos que se propuxeron para este 22-23 estaban directamente vinculados co proxecto de dirección presentado polo novo equipo directivo para o período 22-26. A seguir indícanse os obxectivos e accións por área da PXA e a valoración que facemos do seu grao de cumprimento:

### A. Metas estratéxicas do centro.

| Obxectivo A.1. Actualizar o Proxecto Educativo de Centro e os plans que se derivan del. | |
|---|---|
| Acción 1 | Establecemento dun cronograma de revisión, avaliación e actualización dos diferentes documentos e plans do Centro. |
| | **Temporalización**<br>1º T ☒ 2º T ☐ 3º T ☐ |
| **Indicador** | Cronograma coa planificación |
| **Responsábeis** | Equipo directivo |
| **Grao de cumprimento** | Realizado no primeiro trimestre. Aprobado o calendario de revisión |

CVE: DMROGZWWMJo7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| | |
|---|---|
| Acción 2 | Actualización dos principios, valores, obxectivos e prioridades de actuación do PEC. |
| | **Temporalización**<br>1º T ☐ 2º T ☒ 3º T ☒ |
| **Indicador** | Aprobación das modificacións |
| **Responsábeis** | CCP, Claustro e Consello Escolar |
| **Grao de cumprimento** | Non realizado. Adiado ao curso 23-24. |

| **Obxectivo A.2. Mellorar a convivencia no centro.** | |
|---|---|
| **Acción 1** | Avaliar a convivencia no centro |
| | **Temporalización**<br>1º T ☒ 2º T ☐ 3º T ☐ |
| **Indicador** | Informe de seguimento e avaliación do plan de convivencia. |
| **Responsábeis** | Comisión de convivencia |
| **Grao de cumprimento** | Realizado en cada trimestre, reunindo a comisión de convivencia e informando en reunións dos órganos docentes. |
| **Acción 2** | Potenciar a liña de formación en educación inclusiva e coeducativa |
| | Temporalización<br>1º T ☒ 2º T ☐ 3º T ☐ |
| **Indicador** | O 35% do profesorado participa na liña de formación.<br>O equipo de convivencia participa na liña de formación. |
| **Responsábeis** | Equipo directivo e coordinador de formación |
| **Grao de cumprimento** | Abriuse unha segunda liña de formación PFPP. 37 docentes formaron parte dalgunha das dúas liñas (41% do total). |
| **Acción 3** | Elaborar e difundir materiais, dinámicas e estruturas que faciliten a convivencia nas aulas para as titorías. |
| | **Temporalización**<br>1º T ☐ 2º T ☐ 3º T ☒ |
| **Indicador** | Número de dinámicas publicadas e dispoñíbeis para as titorías. |

CVE: DMROGZWWMJo7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
CPinnova
CPinclúe

| | |
|---|---|
| | |
| **Responsábeis** | Equipo de formación |
| **Grao de cumprimento** | Difundíronse a través da Aula Virtual, con materiais e propostas para titorías. |

| **Obxectivo A.3. Potenciar o plan de igualdade e diversidade.** | |
|---|---|
| **Acción 1** | Avaliar o plan de igualdade e realizar propostas de mellora |
| | **Temporalización**<br>1º T ☐ 2º T ☒ 3º T ☐ |
| **Indicador** | Informe de seguimento e avaliación do plan de igualdade e diversidade. |
| **Responsábeis** | Equipo directivo, CCP, Claustro e Consello Escolar |
| **Grao de cumprimento** | Non se realizou. Acordouse adiar ao curso 23-24 |
| **Acción 2** | Consolidar o equipo de igualdade e diversidade |
| | **Temporalización**<br>1º T ☐ 2º T ☐ 3º T ☒ |
| **Indicador** | Número de membros do equipo |
| **Responsábeis** | Equipo de igualdade e diversidade |
| **Grao de cumprimento** | No 3º trimestre renovouse a persoa responsábel de igualdade e diversidade. Queda pendente a constitución dun equipo de alumnado. Prevese a revisión do plan ao longo do curso 23-24. |

| **Obxectivo A.4. Implementar o plan dixital de centro.** | |
|---|---|
| **Acción 1** | Constituír o equipo de dinamización do plan dixital |
| | **Temporalización**<br>1º T ☒ 2º T ☐ 3º T ☐ |
| **Indicador** | Número de membros do equipo.<br>Persoa coordinadora. |
| **Responsábeis** | Equipo directivo, equipo de dinamización do plan dixital. |
| **Grao de cumprimento** | Realizado no 1º trimestre. |
| **Acción 2** | Potenciar a liña de formación en competencia dixital do profesorado |
| | **Temporalización** |

CVE: DMROGZWWMJo7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve



EUROPEA
CIAL EUROPEO
"...ste no teu futuro"
CPinnova
CPinclúe

| | |
|---|---|
| | 1º T ☒ 2º T ☐ 3º T ☐ |
| **Indicador** | O 80% do profesorado con necesidades participa na liña de formación.<br>O equipo de dinamización colabora na liña de formación. |
| **Responsábeis** | Equipo directivo e coordinador de formación |
| **Grao de cumprimento** | O profesorado con menor nivel de capacitación participou na liña (17), un 18% do total. |

## B. Organización e funcionamento do centro.

| **Obxectivo B.1. Lograr un centro educativo sustentábel** | |
|---|---|
| Acción 1 | Realizar unha auditoría ambiental |
| | **Temporalización**<br>1º T ☐ 2º T ☒ 3º T ☐ |
| **Indicador** | Informe da auditoría |
| **Responsábeis** | Equipo directivo, PAS, Empresas, Unidade técnica |
| **Grao de cumprimento** | Non se realizou unha auditoría propiamente, mais si unha revisión de todos os consumos enerxéticos, en colaboración coa unidade técnica. |
| Acción 2 | Difusión da auditoría na comunidade educativa |
| | **Temporalización**<br>1º T ☐ 2º T ☐ 3º T ☒ |
| **Indicador** | Número de reunións informativas |
| **Responsábeis** | CCP, Claustro e Consello Escolar |
| **Grao de cumprimento** | Informouse en todas as reunións dos órganos docentes dos resultados e medidas propostas. |

| **Obxectivo B.2. Actualizar a documentación institucional do centro** | |
|---|---|
| Acción 1 | Inventariar a documentación de centro |
| | **Temporalización**<br>1º T ☒ 2º T ☐ 3º T ☐ |
| **Indicador** | Listado de documentación e arquivos |
| **Responsábeis** | Equipo directivo |



CVE: DMROGZWWMJo7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve
UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
CPinnova
CPinclúe

| | |
|---|---|
| | |
| **Grao de cumprimento** | Toda a documentación foi inventariada e incorporada á Aula Virtual para o acceso do persoal do centro (administrativas, docentes e subalternos). |
| Acción 2 | Actualizar e difundir a documentación |
